

Devocións no val de Quiroga



POR XOSÉ ESTÉVEZ

É MOI propio dos galegos ben nacidos e agradecidos lembrar aos devanceiros, que afillaron actitudes vitais a prol do compromiso coa nosa Terra e coas súas xentes. Este é o caso do meu mestre, D. Xosé Teixelo, que mora dende hai anos na outra beira, no reino das estrelas, un reino sen cadeas, el que cêrreme sempre defendeu a liberdade. Estas páxinas están baseadas nunhas notas del, que, após do seu pasamento, me entregou o seu fillo Luis. Polo tanto, supoñen unha sinxela homenaxe ao mestre e unha mostra de agradecemento ao fillo, aínda que tampouco me esquezo doutro fillo, excelente pintor, bo xogador de fútbol e amigo, o Pin.

De xeito moi semellante a outras bisbarrias galegas, a devoción aos santos atópase moi espallada neste fermoso val, deitado nas ladeiras do Caurel e bicado e partillado polas douradas augas do Sil. Non é desaxeitado afirmar que quizais foi un dos primeiros lugares da antiga Gallaecia onde se asentou o cristianismo a vulgar polo crismón da Ermida, o orixinal depositado no Museo Diocesano de Lugo e, dende hai pouco tempo, unha copia na igrexa da citada Ermida. Certo é que a crecente laicización moderna vai arrecunhando os recantos da relixiosidade, mais aínda ficaban anacos sacrais inseridos nos nervios da alma, mesturados con crenzas precristianas, froito do panteísmo primitivo e do proselitismo priscilianista. Pénsase que os santos son avogados e intermedarios moi valedores nas doenzas, desgrazas, treboadas, pestes e outras malandanzas.

San Antonio ou San Antoniño é suxeito da meirande veneración. Pídeselle remedio contra as doenzas do gando e auxilio contra perdas de animais e obxectos. Existe a crenza de que calquera cousa animada ou inanimada extraviada deberá aparecer ou ser devolvida, sempre que sexa ben «arresponsada», responso a recitar por persoas de recoñecido ascendente moral, xeralmente vellas e beatas, especialistas na sabedoría de «arresponsar». Se un animal perdido volve á casa pola súa vontade, o acontecido é sen dúbida por mor do valedemento do santo. Mais, se despois de rezar o responso tres veces non regresa, a desgraza non se lle apón ao santo, senón ao mal rezo do responso. A resignación pola perda é a actitude máis habitual e nalgún caso érguese algún improprio contra o demo, aínda que este persoero non é visto como o cumio do mal, pois existe a consideración sanamente escéptica de que «Deus é bo e o demo non é malo». A familiaridade co demo móstrase neste espallado suceso en que un persoero moi coñecido do val, obrigado polas súas necesidades sólidas perentorias, atreveuse a expulsalas a carón do cemiterio de Quiroga. O demo acercouse, tentoulle as súas partes e díxolle: «Telas competentes e pésanche catro libras». O sobado volveuse e díxolle: «Bobas! Son castelás ou galegas?» Este relativismo escéptico e magnánimo a respecto das transgresións normativas tamén se reflicte na frase popular: «Pecar é humano, pero sabe divino».

Outros santos de avoengo curativo son

San Brais, avogado contra as doenzas da gorxa e ouvidos, patrón dos otorrinolaringólogos, con capela en Pacios de Mondelo, Santa Apolonia, patroa dos odontólogos, que sanda o dor de moas e con ermida en Arxubín, e San Bertomeu, con igrexa e reliquia no Hospital, que arreda os medos e doa afoiteza nas situacións de risco.

Refírense moitos relatos encol de Deus e os santos. Hai un moi espaxado pola bisbarra, vinculado co viño, como non podía ser doutro xeito. Cando Xesucristo percorría o mundo, San Pedro chegaba tódalas noites moi contento, cantando e boureando na compañía dos demais apóstolos. Apamado Xesucristo pola ledicia do seu discípulo predilecto, interrogouno deste xeito: «Mos ver, Pedro. Que clase de árbore produce o froito que te pon tan led?» San Pedro matinou internamente: «Se digo que é a vide, ao mellor fai secar tódalas cepas». Entón, con picardía, respondeulle a Xesús: «Señor, é a figueira». Xesús contestoulle moi compasivo: «Ben, Pedro. Para que vexas que che teño afecto, de agora en adiante a figueira dará dúas colleitas ao ano».

Na bisbarra refírense os milagres de santos, que normalmente se atopan nas haxiografías, por exemplo, o de San Ramón Nonnato, que xa era tan santo dende meniño que non mamaba o venres de Coresma. Mais é a Virxe da Ermida quen gaña nesta xeira.

No val celébranse varias romarías de sona, moi concorridas pola xente da bisbarra, con ofrecementos en especie para acadar o valedemento do santo ou santa. Unha das máis multitudinarias é a da Virxe da Ermida, moi venerada e á que se lle atribúen abondosos milagres, algún deles, con cadro pintado incluído, a un Estévez do século XVIII, probablemente devanceiro meu. O clan familiar acudiamos a ela e despois xantabamos nun prado a carón dun arriño, preto da casa do Montenegro, embutidos caseiros e empanada, regado todo cun fresco e acedo garnacha.

A igrexa da Ermida está empoleirada no cumio dun antigo castro onde se atopou o coñecido crismón de Quiroga, o primeiro sinal de cristianización de Galiza. A romaría celébrase o 8 de setembro e á misa acoden unha morea de fieis, que a escoitan con fervor e recollemento. Noutrotra carrexaban oblatas de millo, trigo, centeo, fabas ou cerúleas figuras de brazos, pernas, mans e outro membros, todo elo ofrendado por doentes que foran sandados pola intercesión da Virxe. Tamén noutrotra podían verse ringleiras de romeiros a pé, moitos calzados, algúns descalzos, outros de xeonllos e incluso uns poucos amortallados, que peregrinaban para curarse ou agradecer que foran curados de graves doenzas. Ouvían a misa no santuario e acompañaban a imaxe na procesión. Unha vez rematada a cerimonia, agasallaban a Virxe coa mortalla e con outros ofrecementos.

Na procesión participaban e participan uns choqueiros personaxes: o Meco e as Pampónigas. O primeiro cobre a faciana cunha carauta, feita de madeira dunha soa peza policromada. Leva unha mulida por detrás na cabeza, camisa vermella, pantalón da mesma cor con dúas raias brancas verticais, alpargatas e unha vasoira de toxos na man. Con ela bate na xente, brinca e baila, abrindo paso á procesión. A xente pégalle na molida e bóttalle diñeiro ao chan. É un persoero que moitos etnógrafos e antropó-

logos identifican co demo. Nos primeiros tempos da cristianización simbolizaría o representante dos cultos precristiáns que loitaba fronte a penetración do culto cristián. As Pampónigas son dous xigantes, home e muller, que evolucionan danzando diante da imaxe da Virxe. Ela leva un acio de uvas na boca e el unha pipa. As uvas son un emblema antigo e moi axeitado aos costumes, tradicións e cultivos do val, máis a pipa cabe pensar que é algo máis moderno, pois o consumo do tabaco non se empezou a xeneralizar polo menos ata o século XVIII.

Polo serán no campo da festa esquécense os fervores piadosos mañanceiros e aparecen outros. Persoábanse na festa «os mordomos» ou comisión de festexos, acompañados dun carro de bois cargado coas ofrendas á Virxe recollidas pola mañá, e procedíase a unha poxa pública. A cantidade recadada aplicábase para sufragar os gastos da festa. Non era estraño ver que un dos amortallados mercaba tódalas mortallas para facer camisas e outras prendas de vestir.

Outra gran festa popular, un chisco menos ca da Ermida, celébrase o 24 de agosto

anexo a San Martiño. San Braisiño é un bo avogado contra as afeccións da gorxa. Durante a misa pendurábanse no pescozo da imaxe barazas de seda e arredeabase o altar de velas acesas. Rematados os oficios relixiosos, cada romeiro recollía as súas barazas e velas. Cando doía a gorxa, colcábase a baraza ao redor do pescozo e acendíase a vela para pedirlle ao santo que arredase a dor.

Denantes da II República existía en Pacios unha confraría de San Brais, composta só por homes, que custeaba os gastos do culto cun fondo común. Era, ademais, obriga dos confrades asistir ao enterro dos membros con fachóns e velas acesas, sufragadas pola caixa común.

Era crenza xeral que a imaxe de San Brais fora adquirida había moitos anos en Lamas de Lor, pagando por ela a confraría un ferrado de picós, castañas furadas polos vermes e empregadas para mantenza dos porcos. Co gallo desta estraña merca, naceu a seguinte cantiga en honor dos confrades:

«O voso San Blas
é santo de gran valor
que custou cando o mercastes
un ferrado de picós».

Na década dos anos vinte do século pasado, por mor de aproximar en demasía as velas á imaxe do Santo, prendeu lume nel o día da festa e queimouse a pintura que o enfeitizaba. Ao día seguinte, como en case tódalas festas galegas, celebrouse «O santo pequeno». Ao volver á casa pola noite os mozos e mozas dos pobos veciños, cantaban esta copla:

«Vimos do San Blas pequeno,
o grande xa o queimaron
os rapaciños de Pacios
pro convidar prá outro ano».

Para arraxar os estragos da imaxe os confrades leváronlla para compoñela ao xefe do cárcere do Concello, que era afeccionado á pintura. O funcionario fíxoo o mellor que puido, pero este feito suscitara outra cantiga:

«Probe meu santo, San Blas,
canto daño che fixeron,
despois de pornerche lume
inda na cárcel te meteron».

Outra romaría hoxe case esquecida é a da Santa Apolonia de Arxubín, aldeia situada xa nas abas que agateñan para abeirarse na serra do Caurel. Antigamente a xente tiña moita fe na Santa para arredar dores de moas. Tamén se celebraba en febreiro, non estou certo se o día 9. Esta Santa, patroa de Talavera de la Reina (Toledo), aparece na Celestina, de Fernando de Rojas, quizais a obra máis senlleira de literatura castelá no século XV. Nela insírese esta oración, que xa se converteu en tradicional:

«Vuestros prodigios la fama
de sanar muelas y dientes
ha esparcido entre las gentes,
y todo el orbe lo aclama:
Pues, porque cobre mayor
crédito con la verdad,
por vuestro dolor templad
de mis muelas el dolor».

Fican aínda no tinteiro outras moitas devocións populares da bisbarra, que simbolizan a singularidade privativa da nosa Terra. As tradicións non hai que perdelas, senón mantelas e adaptalas aos signos dos tempos. Como dicía o cantautor valenciano Raimon: «Quen perde as orixes, perde a identidade», e sen ela non se pode hoxe andar polo mundo, engado eu.



Personaxes da romaría da Ermida. EP

no Hospital, a dous quilómetros da capital do concello, San Martiño en honra de San Bertomeu ou San Bartolomé, como din na bisbarra. A igrexa é digna de ver, pois ten un fermoso cruceiro á entrada, elementos prerománicos e románicos, sartegos de importantes cabaleiros da Orde de Malta ou Hospitalarios de San Xoán, da aí vén probablemente o nome de Hospital e non quizais porque houbera unha institución sanitaria para os peregrinos. Nos arredores atópase a sé da Encomenda da Orde, o castelo de Torre Novaes, e máis preto os pazos de Carballo e Tor. Neste último naceu Consuelo Casanova Neira, filla do administrador e avoa do grande escritor galego Manuel María. Era costume, e alí nos levaron de nenos, que o crego, ao rematar a misa, pasase pola cabeza dunha longa ringleira de fieis as reliquias do santo, depositadas nunha caixa de coiro, para quitar o medo. Iso explica que os quirogueses teñamos fama de valentes e destemidos, aínda que non tanto coma os «guímaros» da Pobra do Brollón.

Tamén tiña xusta sona a romaría do San Brais o 3 de febreiro en Pacios, barrio hoxe